

Modificación da Programación Didáctica

**Departamento de Música
I.E.S. As Bizocas
Curso 2019-2020**

Segundo as “Instruccións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia”, realizaranse varias modificacións á Programación Didáctica de Música do IES As Bizocas para o curso 2019/2020.

Índice

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
2ºESO	
Bloque 1. Interpretación e creación	4
Bloque 2. escoita	5
Bloque 3. Contextos musicais e culturais	6
Bloque 4. Música e tecnoloxías	7
3ºESO	
Bloque 1. Interpretación e creación	8
Bloque 2. escoita	9
Bloque 3. Contextos musicais e culturais	10
Bloque 4. Música e tecnoloxías	11
4ºESO	
Bloque 1. Interpretación e creación	12
Bloque 2. escoita	13
Bloque 3. Contextos musicais e culturais	14
Bloque 4. Música e tecnoloxías	15
2. Avaliación e cualificación	16
2.1. Avaliación	
2.2. Cualificación final	
2.3. Proba extraordinaria de setembro	
2.4. Alumnado de materia pendente	
3. Metodoloxía e actividades do 3o trimestre (recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación)	18
3.1. Actividades	
3.2. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sin ela)	
3.3. Materiais e recursos	
4. Información e publicidade	19
4.1. Información ó alumnado e ás familias	
4.2. Publicidade	

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

2º E.S.O.

Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. Interpretación e creación		
MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.	B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CCL
MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCT
MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCEC
MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC

Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Competencias clave
Bloque 2. Escoita		
<p>MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.</p>	<p>B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC
<p>MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.</p>		<ul style="list-style-type: none"> • CCEC
<p>MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.</p>	<p>B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC
<p>MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.</p>	<p>B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC

Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Competencias clave
Bloque 3. Contextos musicais e culturais		
MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.	B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC
MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC
MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.		<ul style="list-style-type: none"> • CCEC
MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	B3.5. Aposar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores.	<ul style="list-style-type: none"> • CD

Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Competencias clave
Bloque 4. Música e tecnoloxías		
MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.	B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.	<ul style="list-style-type: none"> • CD
MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.		<ul style="list-style-type: none"> • CD • CSIEE
MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CCEC

3º E.S.O.

Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. Interpretación e creación		
MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC
MUB1.2.1. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura.	B1.2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA
MUB1.3.1. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.	B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC
MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE

Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Competencias clave
Bloque 2. Escoita		
MUB2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.	B2.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA
MUB2.2.1. Le e analiza partituras como apoio á audición.	B2.2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC
MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.	B2.4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	B2.5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL

Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Competencias clave
Bloque 3. Contextos musicais e culturais		
MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.	B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CCL
MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.		<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CCL
MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.	B3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	B3.6. Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia.	<ul style="list-style-type: none"> • CD

Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Competencias clave
Bloque 4. Música e tecnoloxías		
<p>MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.</p>	<p>B4.1. Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCEC
<p>MUB4.2.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.</p>	<p>B4.2. Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CAA

4º E.S.O.

Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. Interpretación e creación		
<p>MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.</p>	<p>B1.1. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC
<p>MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.</p>	<p>B1.2. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
<p>MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.</p>	<p>B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CMCCT
<p>MUB1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.</p>	<p>B1.4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSIEE

Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Competencias clave
Bloque 2. Escoita		
MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.	B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas.	<ul style="list-style-type: none"> ● CMCCT ● CCL ● CSC
MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.	B2.3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais.	<ul style="list-style-type: none"> ● CCL ● CCEC
MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.	B2.4. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias.	<ul style="list-style-type: none"> ● CCEC ● CSC
MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.	B2.6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.	<ul style="list-style-type: none"> ● CCL ● CCEC ● CSC

Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Competencias clave
Bloque 3. Contextos musicais e culturais		
MUB3.1.1. Amonsa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.	B3.1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conservala e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC
MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.	B3.2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC
MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.	B3.3. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras manifestacións artísticas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CAA
MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.	B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC • CCL

Estándar de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Competencias clave
Bloque 4. Música e tecnoloxías		
MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.	B4.1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD • CMCCT
MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.	B4.2. Aplicar as técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CD
MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.	B4.3. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD
MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.	B4.4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CD
MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.	B4.5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilízalas con autonomía.	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CCL • CAA

2. Avaliación e cualificación

2.1. Avaliación

Procedimentos:

- Comprensión da linguaxe musical.
 - Recoñecemento auditivo.
- Coñecemento da música histórica e actual.
 - Interpretación instrumental e vocal.

Instrumentos:

- Rexistro de calificacións
- Rúbrica de interpretación musical.

2.2. Cualificación final

En relación ós epígrafes 7.2 das “Directrices Xerais, relativo á Avaliación, promoción e titulación”: “[...] a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado” e ó epígrafe 3.5 das “Directrices específicas por ensinanzas, relativos á Educación Secundaria Obrigatoria, apartado Procedementos de avaliación”: “Daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter contínuo, formativo e integrador, a partir das avaliacións anteriores e das actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou alumna”, faranse modificacións ó apartado 7 da Programación, en referencia ós criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

A Programación contempla que “a nota final obterase facendo a nota media da primeira e a segunda avaliacións e coa nota resultante farase de novo a media coa nota da terceira”.

Dada a situación actual, consideraremos dous supostos:

- Alumnado coa primeira e/ou a segunda avaliación suspensas. A nota obtida na 3a avaliación, en caso de ser positiva, resultado da correcta realización das tarefas propostas, servirá para recuperar os trimestres anteriores, polo que a nota final sería a obtida nesta última avaliación. No caso de que a nota obtida no terceiro trimestre perxudique ó alumno/a, manteranse as notas das dúas primeiras avaliacións, sendo a nota final o resultado da media aritmética das mesmas.
- Alumnado coa primeira e a segunda avaliacións aprobadas. A nota do terceiro trimestre, obtida asimesmo da correcta realización das tarefas propostas, sumarase ás notas das avaliacións anteriores, resultando a nota final da media aritmética das tres calificacións. Este suposto manterase, da mesma maneira que no caso anterior, sempre e cando a nota da última avaliación non perxudique ó alumno ou alumna; dado ese caso, a nota final será o resultado da realización da media aritmética das notas dos dous primeiros trimestres.

2.3. Proba extraordinaria de setembro

A proba extraordinaria de setembro, constará, tal e como contempla a Programación, dunha única proba escrita, á que o alumnado se presentará con toda a materia vista no período anterior á suspensión das clases presenciais.

A cualificación de dita convocatoria dependerá exclusivamente da proba escrita, e ésta superárase cunha nota igual ou superior a cinco (5).

2.4. Alumnado de materia pendente

2.4.1. Criterios de avaliación

Son os recollidos na Programación da materia. Non sufren modificación porque xa se viña traballando co alumnado o repaso e o refuerzo da materia.

2.4.2. Criterios de cualificación

A nota obterase da correcta realización das tarefas propostas, e sumaranse os traballos realizados nesta 3a avaliación ás notas das tarefas realizadas nas avaliacións anteriores, tendo cada un dos traballos propostos o mesmo valor porcentual.

Para aprobar a materia debe tener un 5 na avaliación final dos traballos.

2.4.3. Proba extraordinaria de setembro para o alumnado de materia pendente.

A proba extraordinaria de setembro, constará, tal e como contempla a Programación, dunha única proba escrita, á que o alumnado presentárase con toda a materia.

A cualificación de dita convocatoria dependerá exclusivamente da proba escrita, que se superará con unha nota igual ou superior a cinco (5).

2.4.4. Procedimentos e instrumentos de avaliación

Procedimentos:

- Comprensión da linguaxe musical.
 - Recoñecemento auditivo.
- Coñecemento da música histórica e actual.

Instrumentos:

Rexistro de cualificacións
Rúbrica de interpretación musical.

3. Metodoloxía e actividades do 3o trimestre (recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación)

3.1. Actividades

Para aquel alumnado que non conseguira superar as dúas primeiras avaliacións, confeccionaráselle e remitiráselle boletíns ou actividades baseados naqueles estándares e competencias que non foran capaces de acadar. Isto suporá unha labor e un seguimento individualizados dese alumnado por parte do profesor ou profesora correspondente.

A totalidade das tarefas propostas ó alumnado suporán un repaso dos contidos estudados durante os dous primeiros trimestres. Centranse especialmente naqueles estándares ou contidos que resultaron de maior dificultade para eles; polo tanto e para o cual, será imprescindible a súa colaboración, aportando suxerencias e opinións que serán tidas en conta polo profesorado sempre e cando así o considere.

As tarefas propostas combinarán tanto actividades de repaso dos contidos esenciais como exercicios ou traballos que lles permitan ampliar os seus coñecementos sobre a materia impartida.

En todo caso, estas actividades de ampliación poden quedar restrinxidas ó alumnado que xa ten asimilados os conceptos fundamentais, mentres que aqueles que non cumplan este requisito, continuarán realizando actividades de reforzo e de repaso.

3.2. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sin conectividade)

As actividades estarán ubicadas de forma xeral no curso de Música da Aula Virtual del centro, salvando as de recuperación, que se enviarán de maneira individualizada, e/ou determinadas tarefas de ampliación no caso do alumnado mais avanzado.

O centro asegúrese de que todo aquel alumnado que non dispuña de conexión a Internet ou ben dun dispositivo coa mesma, acabara conseguíndoo; ben con recursos do propio centro, ben coas aportacións do Concello.

No caso de detectar algún novo problema deste tipo, trataríase de poñer solución da forma mais inmediata posible.

3.3. Materiais e recursos

Dispositivo con conexión a Internet, libro de texto do curso correspondente.

4. Información e publicidade

4.1. Información ó alumnado e ás familias

O contacto co alumnado realizarase en todo momento a través do correo electrónico; do curso de Música aberto na Aula Virtual do centro, á que todos e todas teñen acceso; así como a través das videoconferencias semanais que se están levando a cabo con cada grupo.

No caso das familias, a información trasládase, asimismo, mediante o correo electrónico, a plataforma Abalar e, de ser necesario, por vía telefónica.

4.2. Publicidade

O documento coas modificacións realizadas á Programación Didáctica segundo as “Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia”, quedará publicado con carácter inmediato no apartado do Departamento de Música da web do centro, unha vez finalizado.

Fdo. José Carlos Calviño Iglesias
(Profesor substituto da Xefa de Departamento)